



MARTES 12 MAIO 2020

## SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

ACTIVIDADES:

3 ANOS.

4.- COMPÓN O CREBACABEZAS COA CARICATURA DE RICARDO.

ACTIVIDADES 4º ED. INFANTIL RCC. LETRAS GALEGAS 2020

7

1.- DEBUXA OS TRES ANIMAIS QUE MÁIS CHE GUSTAN.

ACTIVIDADES 4º ED. INFANTIL RCC. LETRAS GALEGAS 2020

8



MARTES 12 MAIO 2020

ACTIVIDADES

4 ANOS.

5º EDUCACIÓN INFANTIL




**AS PITAS BAIXO A CHOIVA**  
RICARDO CARVALHO CALERO

Moito quería eu os animais.  
No curro pasaba unha gran parte do meu tempo  
ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra,  
en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo.  
Recollía os ovos que anunciaban co seu alporzado  
cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min, e  
eran tan estreitas as relacións entre eu e elas, que  
cheguei a coidar que nos comunicabamos co pensa-  
mento.

1.- DEBUXA TRES ANIMAIS E ESCRIBE POR QUE LETRA EMPEZAN.

3.- COMPÓN O CREBACABEZAS E COLOREA.






MARTES 12 MAIO 2020

ACTIVIDADES

5 ANOS.

2.- INVENTA UN BECHO E PONLLE NOME.

3.- LOCALIZA AS SEIS DIFERENZAS ENTRE ESTES DOUS DEBUXOS.





4.- UNE E ESCRIBE.



GRAN DE MILLO

FARIÑA

MAZAROCA



5.- QUE COME A GALIÑA? DEBUXA OS GRANS DE MILLO.



# Sesión música infantil do 11 ao 15 de maio

Se tedes calquera dúbida ou queredes compartir algunha actividade aquí vos deixo un correo de contacto [musicacrapontedapedra@gmail.com](mailto:musicacrapontedapedra@gmail.com)

## 1º Audición de [Ramona Órbita](#) (preme para escoitar) de Pakolas e Laura Romero

-Gustouche a canción? Por que si/non? Coñeces ao músico Pakolas? [Pakolas](#) é un **artista que nos ofreceu un concerto o ano pasado na biblioteca Rego da Balsa.**

-No vídeo aparecen 2 instrumentos, cales son? [Guitarra eléctrica](#)(preme para ver) e [Baixo eléctrico](#)(preme para ver).

-Aproveitando que estamos na semana da familia, imos falar coa nai, pai, avoa, avó...que grupos de rock coñecedes? cal é a vosa canción de rock favorita, escoitámola e bailámola xuntas.

## 2º Bailamos Rock&Roll

-Imos bailar coa canción [Rock en New York](#)(preme para escoitar) do grupo as Maimiñas. A persoa que acompañe a nena/o na sesión reproduce a canción e vai parando a música cada certo tempo, cada vez que a para a nena/o ten que quedarse quieto, como se fose unha estatua.

-Se queren volver a bailar coa canción podemos traballar a intensidade subindo e baixando o volume da música mentres as cativas/os adaptan o movemento ao son. Se o volume está alto bailan con movementos amplos, fortes, intensos...se o volumen baixa os movementos serán pequenos e suaves. É importante que se note moito a diferenza entre volume baixo e alto.

## 3º Cantamos Cinco dedíños e a canción das notas musicais.

-Cantamos a canción e facemos os xestos de [Cinco dedíños](#)(preme para escoitar) de Cé Orquestra Pantasma.

-Repasamos as [notas da escala musical](#)(preme para ver a imaxe). Canta as notas musicais **Do Re Mi Fa Sol La Si Do**'.

-Cantamos a canción das [notas musicais](#)(preme para escoitar).

## 4º Somos baterías de Rock!!

-Buscamos pola casa 2 cacerolas (unha grande e outra pequena), 2 vasos (un vacío e outro con auga), 2 caixas de cartón/madeira (unha grande e outra pequena) e 2 baquetas (tenedores, culleres, paus, etc). Probamos como soa cada obxecto cando o golpeamos. Canto dura o son en cada un? cal soa máis forte? cal soa máis agudo? Colocamos todas as partes da batería do xeito que máis nos guste.

-Inventamos un ritmo e tocámolo na nosa batería. Podemos usar as sílabas rítmicas para que nos axude Ti-Ti, Ta e Ta\_a. Probamos a tocar rápido e lento, logo forte e suave. Agora podemos inventar unha pequena letra e cantámola mentres tocamos a batería.

## 5º Cantamos e bailamos en familia.

-Cantamos e bailamos a canción [miña abuela Manuela](#)(preme para escoitar) de Migallas, e así aproveitamos para celebrar que este venres 15 de maio é o día internacional da familia. A cantar todas e todos as persoas da casa!!

## 6º RETO DESTA SEMANA!!

-Esta semana ánimovos a que intentedes construír un pequeno instrumento de corda, coa axuda das vosas familias. Para o máis sinxelo só precisamos: Unha caixiña pequena, 2 palillos e 2 gomas. Aquí vos deixo un vídeo moi faciliño para facer un [Instrumento musical de corda](#)(preme para ver). Unha vez feito podemos ver como soan as cordas se as apretamos, se as afrouxamos...Animádevos!!